

Señoras e Señores

Eu Son José Bermúdez Outón, da Parroquia de San Amede da Portela en Barro, Pontevedra.

Neto de José e Eudisia da Fabriqueira por parte de Nai, e de Avelino e Carme da Lucia por parte de Pai.

De profesión, peixeiro da Praza de Santiago.

Vivimos de comerciar co bacallau, e máis tarde, nos 80, tamén co conxelado.

Dicia Gustavo Luca de Tena nun memorable artigo do desaparecido xornal A Nosa Terra, que:

“ si pomos os barcos de pesca en terra, baixo una nave industrial, Galicia sería un dos países mais industrializados do mundo”

E voules contar:

Sempre me chamou á atención o nome dos barcos dos que recibímolos peixe.

Teño a fachenda de ter vendido o Bacallau do Monte Confurco, do Monte Galiñeiro, do Feixa e do Bouciña, do Xaxan e do Meixueiro, que coñeceron o porto de Saint Jhon's e de Saint Pierre.

Sinto orgullo dos conxelados dos Vieirasa, do Praia de Sartaxens, Praia Menduiña, do Ponte de Rande, Ponte Coruxo etc, etc,... Son tantos....

Chorei ao ver na tele o Cabo Estai, pasando as Cies tras ser liberado polas autoridades Canadenses durante a Guerra do Fletán.

E aínda me emocionei de novo onte, cando o Sarmiento de Gamboa no mediterraneo, lle salva a vida a 400 naufragos.

Hai moito detrás deses nomes, ...hai un mundo!!!!!!....

E eses nomes... Están.... En..... Galego..., e navegan por tódolos vertices da Rosa dos Ventos, con ese nome... galego e amarran nos portos de todo o planeta, con ese nome... galego.

O peixe deses barcos, temos que venderllo ao mundo no idioma que o mundo queira, e si aparece outro mundo, (a ver que di a nave Rosetta), haberá que venderllo tamén no deles.

Pero en Santiago ...

que xeito da preguntarlle ao cliente :

¿Señora, cómo lle corto os toros,..... pra cocer ou pra fritir?

¿Cómo lle fago as postas, grandes ou que repartan?

Sin máis...

Gracias por este recoñecemento.

As persoas que a diario traballamos en José Bermúdez estamos contentos .

Gracias